

EDICIÓNS ESPECIAIS: REVISTAS DE ARTISTA DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO 2025

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

23 abril - 13 xullo 2025

Antesala da biblioteca

COORDINACIÓN: Carmen Bouzas



Baixo o prisma da crecente importancia que as prácticas procesuais adquiriron na arte das últimas décadas, na actualidade as edicións de artista son consideradas obxectos de creación experimental por dereito propio. Constitúen, en por si, unha forma de expresión artística. Tal e como hoxe as coñecemos, xurdiron nos anos sesenta e o seu desenvolvemento está estreitamente vinculado ao contexto da arte conceptual. A maioría son autoeditadas ou foron publicadas por colectivos independentes, de xeito que nelas se dilúen os roles tradicionais de artista e editor. Isto supón a transformación dos obxectos nun campo de creación flexible e, nos máis dos casos, compartida; son os e as artistas os que controlan o proceso creativo e desenvolven o seu contido nos soportes máis dispaes empregando diferentes técnicas que permiten o xurdimento de linguaxes alternativas. Nelas mestúranse texto, imaxe, colaxe e mesmo elementos tridimensionais, de maneira que se desdibuxan as fronteiras entre o libro, a obra de arte e o soporte editorial.

Esta mostra recolle unha serie de publicacións periódicas en diferentes formatos. Algunhas distribúense de maneira gratuíta ou en edicións baratas, mentres que outras son facsímiles de revistas de principios do século XX. A arte, a creación o humor, a ironía, o posicionamento político ou incluso a ruptura dos espazos expositivos son algunhas das temáticas que amosan. Algunhas delas, como acontece coas revistas ensambladas, son moi visuais e transcenden a mera lectura dun texto que carece aquí da primacía e da importancia que a miúdo se lle outorga noutro tipo de revistas máis normalizadas ou comerciais. As formas, as imaxes, os obxectos e as texturas, pola contra, adquieren maior protagonismo e estimulan os sentidos para proporcionar experiencias singulares e producir mensaxes artísticas afastadas do marco institucional que representan as galerías, a crítica ou os museos.

1. EUPHORBIA PULCHERRIMA

Foi lanzada en 2006 por Sergi Quiñonero e Raimon Español coa intención de reunir, nunha mesma publicación e nun mesmo espazo, un abano de figuras da poesía, a poesía experimental e as artes plásticas. Cada número editado ten un formato diferente.

O número 2, titulado "Prohibido prohibir", foi presentado como unha convocatoria aberta sobre o tema da prohibición

Bajo el prisma de la creciente importancia que las prácticas procesuales han adquirido en el arte de las últimas décadas, en la actualidad las ediciones de artista son consideradas objetos de creación experimental por derecho propio. Constituyen, en sí mismas, una forma de expresión artística. Tal y como hoy las conocemos, surgieron en los años sesenta y su desarrollo está estrechamente vinculado al contexto del arte conceptual. La mayoría son autoeditadas o fueron publicadas por colectivos independientes, de manera que en ellas se diluyen los roles tradicionales de artista y editor. Esto supone la transformación de los objetos en un campo de creación flexible y, en la mayoría de los casos, compartida; son los y las artistas los que controlan el proceso creativo y desarrollan su contenido en los soportes más dispaes empleando diferentes técnicas que permiten el surgimiento de lenguajes alternativos. En ellas se mezclan texto, imagen, collage e incluso elementos tridimensionales, de tal modo que se desdibujan las fronteras entre el libro, la obra de arte y el soporte editorial.

Esta muestra recoge una serie de publicaciones periódicas en diferentes formatos. Algunas se distribuyen de manera gratuita o en ediciones baratas, mientras que otras son facsímiles de revistas de principios del siglo XX. El arte, la creación el humor, la ironía, el posicionamiento político o incluso la ruptura de los espacios expositivos son algunas de las temáticas que muestran. Algunas de ellas, como sucede con las revistas ensambladas, son muy visuales y trascienden la mera lectura de un texto que carece aquí de la primacía y la importancia que a menudo se le otorga en otro tipo de revistas más normalizadas o comerciales. Las formas, las imágenes, los objetos y las texturas, por el contrario, adquieren mayor protagonismo y estimulan los sentidos para proporcionar experiencias singulares y producir mensajes artísticos alejados del marco institucional que representan las galerías, la crítica o los museos.

1. EUPHORBIA PULCHERRIMA

Fue lanzada en 2006 por Sergi Quiñonero y Raimon Español con la intención de reunir, en una misma publicación y en un mismo espacio, a un abanico de figuras representativas de la poesía, la poesía experimental y las artes plásticas. Cada número editado tiene un formato diferente.

El número 2, titulado "Prohibido prohibir", fue presentado como una convocatoria abierta sobre el tema de la prohibición en la

na sociedade. Para abordalo, a revista sèrvese dun paquete de tabaco de liar, que funciona como continente e que, ao tempo, fai referencia á presión social exercida sobre o propio acto de fumar.

2. MONOGRAFICO.NET

É unha revista cultural, gratuíta e coleccionable que desde 1987 publica colaboracións de recoñecidos autores e autoras nacionais e internacionais nos campos do relato curto, das historias e das montaxes visuais, sempre seguindo unha liña editorial marcada polo humor e a sátira.

En consecuencia, xorde unha publicación orixinal, con bos contidos e que pode atoparse cada dous meses en calquera dos mil locais patrocinadores.

Ademais pode ser utilizada como guía de viaxe, xa que os establecementos que se anuncian nela están ordenados por provincias.

3. SALAMANDRIA

Trátase dun número especial da revista *Salamandria: Revista Literaria de Este Sur*, publicado con motivo da celebración dos XV Xogos do Mediterráneo e patrocinado pola Consejería de Cultura da Junta de Andalucía.

A Asociación Cultural Salamandria, de Almería, leva publicando esta revista cunha periodicidade semestral desde o ano 1997. Organizada en monográficos arredor de distintos temas, caracterízase pola aposta en prol dos formatos máis alternativos e sempre sorprendentes.

O número que se pode ver nesta mostra está dedicado á cor azul e ao mar Mediterráneo. Nas súas páxinas, atopamos proxectos específicos desenvolvidos por artistas, que, entre outros medios, recorreron á poesía, á reflexión, á fotografía ou ao debuxo.

4. 300

Trátase dun *fanzine* de carácter trimestral, independente, temático e sen ánimo de lucro, editado por Mauro Trastoy e Luz Castro e impreso no taller de Tórculo en Santiago de Compostela. 300 é un espazo onde calquera autor ou autora pode plasmar, con total liberdade, a súa visión do tema proposto. Entre os traballos recibidos por convocatoria aberta elíxense dez baseándose en criterios de calidade e tendo en conta os límites impostos pola maquetación. No ano 2006, editáronse catro números de 300: núm. 0 “Onde te levo?”, núm. 1 “Calexón sen saída”, núm. 2 “Área de descanso” e núm. 3 “Desvío obrigatorio”. En marzo de 2007, saíu o derradeiro número, titulado “Sinistro total”: un exemplar baleiro de contido con apenas 22 páxinas en branco, sen texto nin imaxes, e unha última páxina, co colofón e os datos da edición.

5. ATYPICA

Atypica é unha publicación urbana con periodicidade case mensual dedicada ao deseño, á cultura (en todas as súas expresións), ás tendencias e á arte contemporánea. Naceu no ano 2004, nun estudio de deseño de Rosario (Arxentina), e en cada edición conserva a súa esencia de obxecto único e coleccionable, tanto polas súas tapas coma pola valía do seu contido.

Nesta mostra presentamos un número especial, que funciona como revista-obxecto. Se despregamos as páxinas e introducimos unha corda polos buratos, podemos elaborar unha grilanda de Nadal e darlle así un novo uso a este singular obxecto artístico.

sociedad. Para abordarlo, la revista se sirve de un paquete de tabaco de liar, que funciona como continente y al mismo tiempo hace referencia a la presión social ejercida sobre el propio acto de fumar.

2. MONOGRAFICO.NET

Es una revista cultural, gratuita y coleccionable que desde 1987 publica colaboraciones de reconocidos autores y autoras nacionales e internacionales en los campos del relato corto, las historias y los montajes visuales, siempre siguiendo una línea editorial marcada por el humor y la sátira.

En consecuencia, surge una publicación original, con buenos contenidos y que puede encontrarse cada dos meses en cualquiera de los mil locales patrocinadores.

Además, puede ser utilizada como guía de viaje, ya que los establecimientos que se anuncian en ella están ordenados por provincias.

3. SALAMANDRIA

Se trata de un número especial de *Salamandria: Revista Literaria de Este Sur*, publicado con motivo de la celebración de los XV Juegos del Mediterráneo y patrocinado por la Consejería de Cultura de la Junta de Andalucía.

La Asociación Cultural Salamandria, de Almería, lleva publicando esta revista con una periodicidad semestral desde el año 1997. Organizada en monográficos alrededor de distintos temas, se caracteriza por la apuesta por los formatos más alternativos y siempre sorprendentes.

El número que se puede ver en esta muestra está dedicado al color azul y al mar Mediterráneo. En sus páginas, encontramos proyectos específicos desarrollados por artistas, que, entre otros medios, recurrieron a la poesía, la reflexión, la fotografía o el dibujo.

4. 300

Se trata de un *fanzine* de carácter trimestral, independiente, temático y sin ánimo de lucro, editado por Mauro Trastoy y Luz Castro e impreso en el taller de Tórculo en Santiago de Compostela. 300 es un espacio donde cualquier autor o autora puede plasmar, con total libertad, su visión del tema propuesto. Entre los trabajos recibidos por convocatoria abierta se eligen diez basándose en criterios de calidad y teniendo en cuenta los límites impuestos por la maquetación. En el año 2006, se editaron cuatro números de 300: núm. 0 “Onde te levo?”, núm. 1 “Calexón sen saída”, núm. 2 “Área de descanso” e núm. 3 “Desvío obrigatorio”. En marzo de 2007, salió el último número, titulado “Sinistro total”: un ejemplar vacío de contenido con apenas 22 páginas en blanco, sin texto ni imágenes, y una última página, con el colofón y los datos de la edición.

5. ATYPICA

Atypica es una publicación urbana con periodicidad casi mensual dedicada al diseño, la cultura (en todas sus expresiones), las tendencias y el arte contemporáneo. Nació en el año 2004, en un estudio de diseño de Rosario (Argentina), y en cada edición conserva su esencia de objeto único y coleccionable, tanto por sus tapas como por la valía de su contenido.

En esta muestra presentamos un número especial, que funciona como revista-objeto. Si desplegamos las páginas e introducimos una cuerda por los agujeros, podemos elaborar una guirnalda de Navidad dándole así un nuevo uso a este singular objeto artístico.

6. ENSER

Enser Magazine é unha publicación cuatrimestral de carácter independente cuxa temática e formato varían con cada número. Os temas dos seus monográficos xiran ao redor da arte, do deseño e da cultura contemporánea, e constitúese como unha plataforma para artistas e un foro de experimentación gráfica.

O número “La ciudad expandida” céntrase nas novas formas de activismo urbano desde o punto de vista da cultura e das artes visuais. Pero o máis destacable é, sen dúbida, o seu formato, que nos brinda a oportunidade de facer unha exposición a partir da revista cunha sinxela manobra de despregadura: retirando os parafusos, podemos visualizar a totalidade da revista nunha única liña continua de papel. A creación convértese en ferramenta de acción e a revista nun pretexto para intervir físicamente un lugar, co fin de convertelo nun espazo de exposición.

7. EVOLUTIVE

Vasava Artworks é un estudio de comunicación gráfica fundado en 1997 por un pai e o seu fillo: Tony e Bruno, respectivamente. Unha das súas características principais é a multidisciplinaria, xa que desenvolven a súa actividade creativa en múltiples ámbitos do deseño e da comunicación: *print*, *motion graphics*, páxinas web, libros, exposicións, eventos etc.

Evolutive era unha revista gratuíta que funcionaba grazas á conxunción de tres piares: os dous membros de Vasava Artworks encargábanse do deseño gráfico, a empresa Royal Paper doáballes papel e unha imprenta encargábase de producir as 6000 copias que as empresas colaboradoras empregaban para promover o seu traballo.

Foi unha das primeiras revistas gratuítas que xurdiron en Barcelona. Durante o seu primeiro ano e medio de existencia, saíron do prelo dez números que funcionaron como punto de encontro para un gran número de artistas e profesionais da fotografía, a ilustración e o deseño.

Cunha cuberta en cartón acanalado, que é o elemento básico común a todos os números, *Evolutive* caracterízase pola ousadía dos recursos fotográficos e tipográficos empregados.

8. DIRT: THE MAGAZINE THAT DARES TO PRINT THE TRUTH

O artista estadounidense residente en Boston Mark Morrisroe (Malden, Massachussets, 1959 - Nova York, 1989) destacou pola súa obra fotográfica e os seus retratos íntimos. Morreu aos 30 anos por complicacións derivadas da sida. Na súa xuventude, coincidiu con Lynelle White na Escola do Museo de Belas Artes de Boston, e da colaboración entre ambos xurdiu o *fanzine DIRT magazine*, que se publicou entre os anos 1975 e 1977. Era unha publicación de baixo custo feita a base de fotocopias de escasa calidade, onde os dous amigos recompilaban os dixomedixomes da escena musical punk. O primeiro dos pseudónimos utilizados polo artista, Mark Dirt, procede precisamente do título desta revista da que foi cofundador.

O seu traballo púidose ver na exposición *Familiar Feelings*, organizada polo CGAC en 2009.

9. REVISTA ENSAMBLADA DE POESÍA VISUAL

Revista Ensamblada de Poesía Visual desenvolve, en cada un dos seus números, poemas visuais sobre un tema común no que traballan diferentes artistas. O resultado son trinta pezas numeradas e asinadas. Cada autor ou autora ten dereito a quedar cun exemplar

6. ENSER

Enser Magazine es una publicación cuatrimestral de carácter independiente cuya temática y formato varían con cada número. Los temas de sus monográficos giran en torno al arte, el diseño y la cultura contemporánea, y se constituye como una plataforma para artistas y un foro de experimentación gráfica.

El número “La ciudad expandida” se centra en las nuevas formas de activismo urbano desde el punto de vista de la cultura y las artes visuales. Pero lo más destacable es, sin duda, su formato, que nos brinda la oportunidad de hacer una exposición a partir de la revista con una sencilla maniobra de despliegue: retirando los tornillos, podemos visualizar la totalidad de la revista en una única línea continua de papel. La creación se convierte en herramienta de acción y la revista en un pretexto para intervenir físicamente un lugar, con el fin de convertirlo en un espacio de exposición.

7. EVOLUTIVE

Vasava Artworks es un estudio de comunicación gráfica fundado en 1997 por un padre y su hijo: Tony y Bruno, respectivamente. Una de sus características principales es la multidisciplinaria, ya que desarrollan su actividad creativa en múltiples ámbitos del diseño y de la comunicación: *print*, *motion graphics*, páginas web, libros, exposiciones, eventos, etc.

Evolutive era una revista gratuita que funcionaba gracias a la conjunción de tres pilares: los dos miembros de Vasava Artworks se encargaban del diseño gráfico, la empresa Royal Paper les donaba el papel y una imprenta se encargaba de producir las 6000 copias que las empresas colaboradoras empleaban para promocionar su trabajo.

Fue una de las primeras revistas gratuitas que surgieron en Barcelona. Durante su primer año y medio de existencia, vieron la luz diez números que funcionaron como punto de encuentro para un gran número de artistas y profesionales de la fotografía, la ilustración y el diseño.

Con una cubierta en cartón acanalado, que es el elemento básico común a todos los números, *Evolutive* se caracteriza por la osadía de los recursos fotográficos y tipográficos empleados.

8. DIRT: THE MAGAZINE THAT DARES TO PRINT THE TRUTH

El artista estadounidense residente en Boston Mark Morrisroe (Malden, Massachussets, 1959 - Nueva York, 1989) destacó por su obra fotográfica y sus retratos íntimos. Murió a los 30 años por complicaciones derivadas del sida. En su juventud, coincidió con Lynelle White en la Escuela del Museo de Bellas Artes de Boston, y de la colaboración entre ambos surgió el *fanzine DIRT magazine*, que se publicó entre los años 1975 y 1977. Era una publicación de bajo coste hecha a base de fotocopias de escasa calidad, donde los dos amigos recopilaban los cotilleos de la escena musical punk. El primero de los seudónimos utilizados por el artista, Mark Dirt, procede precisamente del título de esta revista de la que fue cofundador.

Su trabajo se pudo ver en la exposición *Familiar Feelings*, organizada por el CGAC en 2009.

9. REVISTA ENSAMBLADA DE POESÍA VISUAL

Revista Ensamblada de Poesía Visual desarrolla, en cada uno de sus números, poemas visuales sobre un tema común en el que trabajan diferentes artistas. El resultado son treinta piezas numeradas y firmadas. Cada autor ou autora tiene derecho a quedarse con un ejemplar de su

da súa propia peza e outro exemplar pasa a formar parte dos fondos dun museo ou dunha fundación a través dunha doazón. Cada número ten un formato distinto. Os exemplares que se poden ver na mostra —“Collage”, 2022; “Zigzag”, 2023; “π”, 2023— foron doados por Alfonso Aguado Ortuño á biblioteca do CGAC.

10. CAPS.A.

CAPS.A. é unha revista editada entre os anos 1982 e 1985 en Mataró (Barcelona) e coordinada por J. M. Calleja, Jordi Cuyàs e Jaume Simon. Trátase dunha colección composta por oito números realizados en formatos diferentes —seis deles en caixa— e en edicións numeradas. Malia que o seu proceso de produción incorpora o aproveitamento da tecnoloxía, esta revista non é un produto industrial, xa que nela tamén se potencia a faceta máis artesanal da creación. Entre os materiais utilizados destacan o cartón, o latón, o vidro ou o papel. Nestes primeiros números, cada autor ou autora desenvolve o seu traballo persoal. Na mostra, pódense ver dous números correspondentes a dúas caixas octogonais que conteñen diferentes obxectos.

11. CREACION/CRÉATION 1921-1924

Facsimile da revista *Creacion/Création*, editado polo Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía con motivo da exposición *Salle XIV. Vicente Huidobro y las artes plásticas*, comisariada por Carlos Pérez e Miguel Valle-Inclán en 2001.

Creacion/Création foi fundada por iniciativa de Vicente Huidobro en 1921. Segundo os comisarios, a intención do poeta chileno era articular unha revista de carácter internacional que fusionase as tendencias de vangarda e que difundise o creacionismo como a súa persoal concepción da poesía cubista. Huidobro foi pioneiro no uso de caligramas, unha forma de expresión na que as palabras se reúnen formando imaxes que amplían ou completan o significado do escrito.

12. GUTIÉRREZ E KLAXON

Reproducción facsimilar do núm. 88 (febreiro de 1929) da publicación semanal *Gutiérrez: Semanario Español de Humorismo*, Madrid, 1927 e facsimile do primeiro número da revista *Klaxon*, Madrid, 1930.

Gutiérrez e *Klaxon* foron dúas revistas satíricas que, a finais dos anos vinte e comezos dos trinta, ampararon a debuxantes e escritores renovadores. A primeira delas deriva do denominado humorismo de Ramón Gómez de la Serna e a segunda incluíu humoristas e ilustradores afiliados á Unión de Debuxantes Españóis, que destacaron pola súa modernidade. *Gutiérrez* dedicou diferentes números ás achegas mecánicas e visuais que, como o automóbil, caracterizaron o século vinte. *Klaxon*, pola súa banda, escolleu este termo para a súa cabeceira como opción de modernidade.

propia pieza y otro ejemplar pasa a formar parte de los fondos de un museo o de una fundación a través de una donación. Cada número presenta un formato distinto. Los ejemplares que se pueden ver en la muestra —“Collage”, 2022; “Zigzag”, 2023; “π”, 2023— fueron donados por Alfonso Aguado Ortuño a la biblioteca del CGAC.

10. CAPS.A.

CAPS.A. es una revista editada entre los años 1982 y 1985 en Mataró (Barcelona) y coordinada por J. M. Calleja, Jordi Cuyàs y Jaume Simon. Se trata de una colección compuesta por ocho números realizados en formatos diferentes —seis de ellos en caja— y en ediciones numeradas. A pesar de que su proceso de producción incorpora el aprovechamiento de la tecnología, esta revista no es un producto industrial, ya que en ella también se potencia la faceta más artesanal de la creación. Entre los materiales utilizados destacan el cartón, el latón, el vidrio o el papel. En estos primeros números, cada autor o autora desarrolla su trabajo personal. En la muestra, se pueden ver dos números correspondientes a dos cajas octogonales que contienen diferentes objetos.

11. CREACION/CRÉATION 1921-1924

Facsímil de la revista *Creacion/Création*, editado por el Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía con motivo de la exposición *Salle XIV. Vicente Huidobro y las artes plásticas*, comisariada por Carlos Pérez y Miguel Valle-Inclán en 2001.

Creacion/Création fue fundada por iniciativa de Vicente Huidobro en 1921. Según los comisarios, la intención del poeta chileno era articular una revista de carácter internacional que fusionara las tendencias de vanguardia y que difundiera el creacionismo como su personal concepción de la poesía cubista. Huidobro fue pionero en el uso de caligramas, una forma de expresión en la que las palabras se reúnen formando imágenes que amplían o completan el significado de lo escrito.

12. GUTIÉRREZ Y KLAXON

Reproducción facsimilar del núm. 88 (febrero de 1929) de la publicación semanal *Gutiérrez: Semanario Español de Humorismo*, Madrid, 1927 y facsímil del primer número de la revista *Klaxon*, Madrid, 1930.

Gutiérrez y *Klaxon* fueron dos revistas satíricas que, a finales de los años veinte y comienzos de los treinta, ampararon a dibujantes y escritores renovadores. La primera de ellas deriva del denominado humorismo de Ramón Gómez de la Serna y la segunda incluyó a humoristas e ilustradores afiliados a la Unión de Dibujantes Españoles, que destacaron por su modernidad. *Gutiérrez* dedicó diferentes números a las aportaciones mecánicas y visuales que, como el automóvil, caracterizaron el siglo veinte. *Klaxon*, por su parte, escogió este término para su cabecera como opción de modernidad.

